



AXUDAS DO CONSELLO SOCIAL: NORMAS BÁSICAS

Aprobadas na Comisión de Actividades e Servizos do 16 de novembro de 2016. Pleno do 27 de decembro de 2016.

1. Para a súa tramitación, as solicitudes, que deberán presentarse preferentemente en galego, deberán incorporar inescusablemente unha memoria económica global de gastos e ingresos, así como programa a desenvolver, ademais do calendario e o lugar de celebración.
2. Terase en conta para a concesión da axuda o interese da iniciativa, os participantes na mesma, a repercusión pública e o seu valor para a comunidade universitaria ou a sociedade, que permitan o debate e a crítica de novos coñecementos, ideas e opinións.
3. Terán consideración especial as axudas a actividades orientadas a facilitar a empregabilidade dos alumnos ou a completar a súa formación científica, cultural e humanística, que favorezan o emprendemento ou contribúan á difusión da investigación desenvolvida na Universidade de Vigo e á transferencia dos resultados á sociedade e, en xeral, a un maior coñecemento e achegamento da sociedade á vida universitaria.
4. Unha mesma iniciativa non poderá ser fragmentada en dúas peticións distintas (por exemplo, a celebración dunhas xornadas e a publicación das ponencias). Deberán formar parte dun primeiro e único orzamento inicial completo. En todo caso serán desestimadas as segundas e seguintes peticións vinculadas.
5. As solicitudes deberán presentarse, como mínimo, con dous meses de antelación á data de celebración de actividade. Serán rexeitadas as solicitudes correspondentes a actividades celebradas con anterioridade á data da resolución.
6. Quedan excluídas destas axudas as correspondentes a títulos propios e outros cursos da Universidade de Vigo, ou aquelas que sexan susceptibles de acollerse á convocatoria de Prácticums que promove o Consello Social entre os centros.
7. Con carácter xeral, ás axudas que se concedan a unha mesma iniciativa aplicaráselle en sucesivas edicións unha redución do 20 % respecto á axuda concedida na anterior edición. Así mesmo, con carácter xeral, serán rexeitadas as iniciativas que superen as seis edicións consecutivas de patrocinio continuado (total ou parcial) do Consello Social.
8. As limitacións impostas no apartado 7 poderán ser reconsideradas, con carácter excepcional, cando os membros presentes na reunión, de xeito expreso e fundamentado, consideren que se trata dunha iniciativa de especial interese e relevancia para a Universidade de Vigo.
9. A colaboración do Consello Social deberá quedar correctamente reflectida co seu logotipo en calquera soporte visual ou documento gráfico da actividade que se trate, requirindo a supervisión e aceptación previa do propio Consello.
10. A axuda deberá destinarse preferentemente ao pago de materiais, difusión ou poñentes, e evitará no posible outras partidas que en ningún caso poderán superar o 25 % da axuda total salvo autorización expresa e fundada. As axudas concedidas para calquera actividade ou iniciativa deberán ser executadas dentro do exercicio económico da súa concesión.
11. Os pagos requirirán en cada caso a entrega previa dunha Memoria final xustificativa, tanto económica como dos resultados, onde se recollan expresamente as variacións que se puideran producir respecto da proposta inicial, así como da presentación das facturas dos gastos.